

# CONTACTO DE LINGUAS NA IDADE MEDIA: GALEGO E CASTELÁN NA DOCUMENTACIÓN NOTARIAL DO MOSTEIRO DE SANTA COMBA DE NAVES (OURENSE, GALIZA)

Pedro Dono López

UNIVERSIDADE DO MINHO - PORTUGAL

**PARA QUEN SE APROXIMA ÁS COLECCIÓNS DIPLOMÁTICAS DE INSTITUCIÓNS MEDIEVAIS GALEGAS COMO CATEDRAIS OU MOSTEIROS, é doado reparar nunha habitual concorrencia de diferentes linguas / scriptas na documentación.<sup>[1]</sup> Se ata mediados do século XIII o emprego do latín é amplamente hexemónico, con escasas excepcións á regra,<sup>[2]</sup> na segunda metade da centuria emerxe e consolídase un romance galego que predomina nos instrumentos ata o fin do período medieval, cunha presenza maior ou menor do castelán. Con esta comunicación preténdese realizar unha aproximación panorámica ás manifestacións do romance centroe-**

209

.....  
CONTACTO DE  
LINGUAS NA  
IDADE MEDIA  
.....

Pedro Dono López

---

<sup>1</sup> Para unha aproximación ás linguas empregadas nos instrumentos notariais galegos da Idade Media é de referencia o traballo de Lorenzo (2004), onde se considera un amplísimo repertorio documental.

<sup>2</sup> Segundo Gutiérrez e Cabana (2007: 131), para o período que abranxe da segunda metade do século XII ata 1250, contamos cun total de 10 documentos en romance galego, concentrados no período 1231-1250, xunto a outros 39 de carácter híbrido.

ninsular que integran o corpus en pergamiño<sup>[3]</sup> do mosteiro ourensán de Santa Comba de Naves<sup>[4]</sup> actualmente conservado.

Divídese a abordaxe por dous períodos en función dos modos en como se presenta a lingua do centro da península. Antes do XV o castelán aparece en forma de documentos cuxos outorgantes se vinculan sen excepción, aínda que de xeitos diferentes, á administración real. Xa na centuria do catrocentos a presenza do romance centropeninsular asume uns perfís diferentes que serán obxecto principal da nosa atención. Téntase atender, en definitiva, ao proceso de substitución escriptolingüística que mostra os seus primeiros sinais nos fins da Idade Media, preludio da consumación producida no quíntos. Entendemos que este proceso, que xa se coñece nos seus perfís máis grosos,<sup>[5]</sup> carece dunha definición máis matizada para a que se pretende contribuír con este estudo, tendo en conta, no entanto, que as consideracións que aquí se realizan parten dun limitado continxente documental.

## 1. Documentos en castelán dos séculos XIII e XIV.

Xa foi dito que ata mediados do douscentos toda a documentación de Naves se redixe en latín<sup>[6]</sup>, escrita que na segunda metade do século

<sup>3</sup> Empregaremos ao longo do texto referencias de arquivo dos pergamiños de xeito abreviado; para a signatura completa, véxase o apartado dedicado á bibliografía. Por outra parte, quedaría por considerar a documentación en papel, non demasiado abundante para o período propiamente medieval, que entendemos que non alteraría sustancialmente o panorama que aquí se deseña.

<sup>4</sup> O presente traballo insírese no ámbito da tese de doutoramento sobre os documentos en pergamiño deste mosteiro, elaborada baixo a dirección do profesor Ramón Lorenzo Vázquez na Universidade de Santiago de Compostela.

<sup>5</sup> Sobre a situación lingüística na Baixa Idade Media galega, chamamos a atención para os traballos de Monteagudo (1985, 1994), Lorenzo (2004) e Cabana Outeiro (2006). Pola súa parte, en Diéguez (2004) abórdase especificamente o contacto galego-castelán.

<sup>6</sup> Non é este o lugar para abordar a problemática adscripción escriptolóxica de determinados documentos. A título de exemplo, tanto Gutiérrez e Cabana (2007: 136-137) coma Souto Cabo (2008a: 34-35) atribúenlle un carácter híbrido latino-romance a un pergamiño de Santa Comba de 1251 (ACO 666) tendo en conta a elevada presenza de romanismos no texto.

(concretamente, a partir de 1255, data do primeiro documento en galego) vai deixando paso progresivamente ao romance e practicamente desaparece dos diplomas nas centurias seguintes.<sup>[7]</sup> Como se pode comprobar no Cadro I,<sup>[8]</sup> o emprego do galego é amplamente maioritario durante toda a Idade Media, mais xa dende o século XIII deparamos con instrumentos en castelán.

**Cadro I.** A Lingua dos Documentos de Santa Comba de Naves  
(Séculos XIII-XV)

	1250-1299	1300-1349	1350-1399	1400-1449	1450-1499
<b>Latín</b>	39 (1)		1		
<b>Galego</b>	13	26 (1)	20 (1)	46 (3)	55 (7)
<b>Castelán</b>		4 (1)	4 (1)	1	8
<b>Galego (lat.)</b>			1		
<b>Galego (cast.)</b>	1		1		
<b>Galego (lat., cast.)</b>			1	1	
<b>Castelán (lat.)</b>		1 (2)			
<b>Híbridos</b>					1

<sup>7</sup> As escasas manifestacións do latín posteriores a esa data, cando non se trata de copias de textos datados dos séculos XII e XIII incluídas noutros documentos, presentan como outorgantes a autoridades eclesiásticas como bispos ou papas.

<sup>8</sup> Na primeira columna as designacións entre parénteses indican que o documento en galego ou castelán inclúe a copia dun ou varios documentos en lingua(s) diferente(s). Canto ás referencias numéricas, os algarismos entre parénteses identifican as copias. En fin, a documentación latina anterior a 1250, non incluída na táboa, está conformada por 23 orixinais e dúas copias.

Como xa se adiantou máis arriba, as mostras de romance centro-peninsular durante os séculos XIII e XIV presentan a característica común da súa vinculación á administración real. Na maior parte dos casos trátase mesmo de documentos, privilexios ou cartas, outorgados polos propios reis, que sempre usaron o castelán nos diplomas que interesaban a institucións galegas.<sup>[9]</sup> Así, en castelán están documentos da autoría de Afonso X,<sup>[10]</sup> Fernando IV,<sup>[11]</sup> Afonso XI,<sup>[12]</sup> Pedro I,<sup>[13]</sup> Henrique II<sup>[14]</sup> e Xoán I.<sup>[15]</sup> Pola súa parte, para comunicarse coa corte, desde Santa Comba úsase o galego, coma cando se informa a Fernando IV de que o prior e o convento de Naves “aujam perdudo quanto aujam pellas gerras que foron della morte de uosso padre rrey don Sancho” (ACO 1746). No entanto, constituiría este diploma unha excepción ao panorama deseñado por Monteagudo (1994: 178) relativamente ao reino de Galiza cando indica que “nos documentos de circulación interna, a práctica máis habitual era o uso do galego, servindo o castelán soamente como lingua de relación coa corte”.<sup>[16]</sup>

Aínda empregan o castelán os representantes do rei en Galiza, como no caso das cartas outorgadas polo meiriño maior Estevo Fernández

<sup>9</sup> En Lorenzo (2004: 82-86) recóllese unha ampla mostra desta documentación real.

<sup>10</sup> Trátase dun privilexio confirmatorio de 1255, conservado en traslado notarial de 1325 con suscripción en galego (AHN 1506/10), e dunha carta de 1278 incluída nun documento en galego do mesmo ano (AHN 1506/11).

<sup>11</sup> Privilexios confirmatorios de 1302 (AHN 1506/13 [incluído en confirmación de Xoán I (AHN 1507/8, 9)], 14 [incluído en ACO Escrituras VII/71], 15) e 1305 (AHN 15/9). Deste rei aínda se conservan dúas cartas de 1305 e 1308 incluídas en confirmacións de Afonso XI (AHN 18/4), Pedro I (AHN 1507/1) e Henrique II (AHN 1507/4).

<sup>12</sup> Unha confirmación de privilexios de 1332 (AHN 18/4), incluída en confirmacións de Pedro I (AHN 1507/1) e Henrique II (AHN 1507/4).

<sup>13</sup> Un privilexio confirmatorio de 1351 (AHN 1507/1).

<sup>14</sup> Confirmación de privilexios de 1371 (AHN 1507/4).

<sup>15</sup> Trátase dunha confirmación de privilexios de 1379 incluída nun documento en galego do mesmo ano (AHN 1507/7), outras dúas confirmacións de 1380 (AHN 1507/8, 9), a primeira delas conservada en traslado autorizado coa suscripción notarial en galego, e unha sentenza do mesmo ano (AHN 4/10).

<sup>16</sup> Mariño (1998: 186), aínda recoñecendo o castelán como lingua habitual nestas comunicacións, informa sobre unha queixa en galego que o cabido da igrexa de Ourense dirixe a Henrique III.

en 1278 (AHN 1506/11), aínda que introduce bastantes galeguismos,<sup>[17]</sup> e polo adiantado maior Diego García en 1306 (AHN 1506/17). Vinculación á corte tamén presenta a personaxe de María Fernández, ama da raíña María de Molina e da súa filla a infanta Isabel, da que conservamos un documento de 1308 (AHN 1506/18) nun traslado do mesmo ano coa fe do notario en galego.

Entre os séculos XIII e XIV prodúcese, pois, a emerxencia e consolidación da escrita en romance galego no mosteiro de Naves, ao tempo que aparecen as primeiras e escasas manifestacións do romance centro-peninsular, relacionadas coa corte, con autores como o propio rei ou un cargo público de nomeamento rexio. Como se poderá comprobar no que se dirá a continuación, as excepcións ao emprego da escrita galega na centuria seguinte tamén encontran en boa medida a súa explicación en que se deben a autores non galegos.

## 2. Galego e castelán no século XV.

Dos datos recollidos no Cadro I non cabería deducir unha mudanza fundamental respecto do período anterior no referente á importancia cuantitativa da documentación en castelán, que se debe na súa totalidade a notarios procedentes de fóra de Galiza. No entanto, a pesar desta posición amplamente hexemónica do galego no catrocentos, xa se aprecian sinais nos documentos que preludian o proceso de substitución da lingua polo romance central, como é o caso da presenza de formas castelás, cuxa importancia se irá incrementando progresivamente conforme avanza o século, ou das suscripcións notariais que empregan determinados rogatarios para autorizar documentos que se redactan en galego.

<sup>17</sup> Do emprego do galego nun documento de 1266 por parte da mesma personaxe (ed. en Souto Cabo 2008a: 199-200, 2008b: 188) deduce Souto Cabo (2008b: 181) que “a administrazón réxia tivo a lingua autóctone como vehículo comunicativo [...]”. Isto implica un grao notábel de «normalización» do idioma autóctone, que só se verá seriamente alterada dous séculos despois. De todos os modos, notemos que o documento admite, en certa proporzón, elementos espúrios que poden suxerir a considerazón incipiente do castellano como modelo lingüístico de prestíxio”.

## 2.1. Interferencias lingüísticas: os castelanismos.

Un primeiro indicio da influencia do castelán sobre a escrita galega ofréceno unha serie de palabras que manifestan unha mudanza na súa forma tradicional, e así empezan a aparecer formas como *arçediano* por *arçidiago*, *cabildo* por *cabidoo*, *donaçion* por *doaçon*, *donar* por *doar*, *fasta* por *ata*, *general* por *geeral*, *juizio* por *juizo*, *justiçia* por *justiça*, *moneda* por *moeda*, *poseer* por *possuyr ~ persuyr ~ posuyr*. En termos xerais, estas formas interferidas comezan a documentarse na primeira metade do século XV, principalmente no segundo cuarto, e desprazan progresivamente as solucións patrimoniais ata desapareceren estas case completamente.

Como exemplo ilustrativo deste proceso de substitución, podemos reparar no que acontece coas diferentes formas medievais dalgunhas palabras que presentan un número de atestacións importante na colección diplomática de Santa Comba de Naves, correspondentes aos actuais *persoa*, *prezo*, *presenza* e *testemuña*. Cómpre advertir, antes de máis, que para as tres primeiras palabras non é de excluír absolutamente un hipótese da relatinización, mais entendemos que o castelán, no mínimo, coadxuvou á mudanza, pois o progresivo asentamento destas formas é parello á introdución de elementos de orixe indubidablemente centropeninsular. Así, no primeiro caso, as variantes patrimoniais tipo *persõa* e *persõa* son as predominantes na documentación ata o primeiro cuarto do catrocentos, momento en que surxen as variantes tipo *persona*, que nos anos seguintes substitúen case absolutamente ás primeiras. Dáse, pois, unha temperá substitución que se consuma antes de mediados de século.

Maior resistencia manifestan as formas sen iode das palabras que presentan -TJ- latino, aquí exemplificadas mediante as ocorrencias de *prezo* e *presenza*, moito máis representativas no primeiro caso que no segundo: só na segunda metade do século comezan a declinar e practicamente desaparecen no último cuarto do período en favor das variantes con iode conservado.

**Cadro II.** Formas Medievais de *Persoa*.

	Sec. XIII	Sec. XIV	1400/ 1425	1426/ 1450	1451/ 1475	1476/ 1499
<b>persoa</b>	1	7				
<b>pesõa(s)</b>	2	11	7			
<b>persoa</b>		2	1	1		
<b>persõa</b>		1	1			
<b>pessõa(s)</b>		20				
<b>pesoa(s)</b>		12	7			
<b>persooa</b>		1				
<b>pessõoa</b>		1				
<b>persona(s), perssona</b>			7	66	46	61
<b>pesona</b>				2		
<b>presona(s)</b>					6	5

Aínda que non é consensual a vinculación destas últimas formas á presión do romance central,<sup>[18]</sup> a cronoloxía dos testemuños, con imposición das formas con iode no período de maior incidencia do castelán nos diplomas, apunta para esta causa esóxena como principal factor propiciador da mudanza.

<sup>18</sup> En casos coma estes, Maia (1997: 445) interpreta que “[o]u se trata de formas de carácter culto ou semiculto, posiblemente introduzidas na lingua por influencia eclesiástica, ou são a manifestación de que o galego (pelo menos, o galego de determinadas regiões) concheceu un tratamento dos referidos grupos [-KJ- e -TJ-] idéntico ao do leonés”. Pola súa parte, Mariño (1995) entende que se deu un fenómeno de relatinización.

**Cadro III.** Formas Medievais de *Prezo*.

	Sec. XIII	Sec. XIV	1400/ 1425	1426/ 1450	1451/ 1475	1476/ 1499
<b>prezo</b>	2	2				
<b>preço</b>	1	21	19	29	10	1
<b>preso</b>		1				
<b>presçio</b>			2	1		1
<b>preçio(s)</b>				10	27	26
<b>préceos</b>				2		
<b>presço</b>					1	

216

MÚLTIPLOS  
OLHARES SOBRE  
O BILINGUISMO

**Cadro IV.** Formas Medievais de *Presenza*.

	Sec. XIII	Sec. XIV	1400/ 1425	1426/ 1450	1451/ 1475	1476/ 1499
<b>presença, presença</b>	3	30	8	6	3	
<b>presenca</b>	1					
<b>pressença</b>		2				
<b>plesença</b>				2		
<b>presença, presença</b>			1	3	2	5
<b>pressença</b>					1	

Para a última palabra que tomamos en consideración, presentamos unicamente información relativa ao século XV, discriminando as atestacións por dous cadros segundo a forma surxa abreviada, como



ocorre na maioría dos testemuños, ou por extenso. Relativamente a este substantivo, poderíase comentar algo semellante ao dito en relación cos outros termos, pois as formas castelás tipo *testigos* aparecen fundamentalmente no segundo cuarto do século para impoñerse ás variantes patrimoniais tipo *testemōyas* xa na segunda metade do catrocentos, que desaparecen completamente dos documentos no último período.

**Cadro V.** Formas Plenas de *Testemuña* (Século XV).

	1400/ 1425	1426/ 1450	1451/ 1475	1476/ 1499
testimuyas	2			
testemoyas	1	3		
testemōyas, testemōias	4	2		
testimoyas	1	1		
testemuyas		1		
testimūyas, testjmūyas		2	1	
testigos, testi- goos		4	14	15
testimōyas		2	1	

217

CONTACTO DE  
LINGUAS NA  
IDADE MEDIA

Pedro Dono López

**Cadro VI.** Formas Abreviadas de *Testemuña* (Século XV).

	1400/1425	1426/1450	1451/1475	1476/1499
t <sup>o</sup> s	26	47	19	
t <sup>o</sup> s, t <sup>o</sup> s̄	1	11	14	32

Ao repararmos nas diferentes variantes das palabras que acabamos de abordar, a pretensión era ilustrar o proceso de irrupción e progresivo asentamento da influencia castelá nos documentos, máis visible na segunda metade do século, unha influencia que vai máis alá de formas concretas, afectando tamén ás fórmulas típicas da escrita instrumental, como se poderá comprobar en textos que aduciremos máis abaixo.

## 2.2. Suscrisións en castelán.

O romance de Castela maniféstase, xa na segunda metade do século, nas suscrisións ou validacións de determinados notarios, ou sexa, na parte do diploma que lle confire autenticidade ao documento, mentres o resto do texto permanece en galego, aínda que acostuma presentar a miúdo un *elevado grao de castelanización*. É unha práctica que se observa en notarios non galegos, como o notario apostólico García Fernández de Berlanga, crego da diocese de Sigüenza e cóengo da igrexa de Ourense, que en 1464 suscribe en *castelán* unha “carta de compromjns” entre o cabido de Ourense e o mosteiro de Santa Comba que mandou escribir por outro.<sup>[19]</sup>

Yo, García Fernandez de Berlanga, clerigo de la dioçesi de Siguença, publico por la abtoridad *apostolica* notario, que a los dichos compromiso, abtos, sentençia *e* a todas las otras cosas susodichas *e* cada vna dellas, en vno *con* los sobredichos testigos, presente fuy, vi *e* oy *e* en nota tome, donde este público *jnstrumento* **por mano de otro** fielmente escripto saque, et a rruego *e* pedimjento de los susodichos vicario del dean *e* beneficiados, de mis signo *e* subscripcion *acostumbrados* signe *e* subscriuj en ffe *e* testimonjo de verdad, que tales son, rrogado *e* rrequerido” (1464; ACO Escrituras VII/72-74)

<sup>19</sup> Na transcripción dos textos consérvanse as grafías tal como aparecen nos pergamíños. Canto ás abreviaturas, resólvense normalmente sen indicación en itálico, salvo en casos en que admite varios desenvolvementos a abreviación ou cando xulgamos de interese indicar a ocorrencia abreviada de determinados segmentos, caso da abreviacións que eliden unha nasal implosiva. Nos elementos onomásticos, no entanto, sempre marcamos a resolución. Actuamos, en fin, nun sentido actualizador no referente á puntuación e unión e separación de palabras.

O mesmo notario valida o traslado non datado<sup>[20]</sup> dun documento de 1441, onde desliza algúns castelanismos, alternando no texto da suscripción *galego e castelán*:

Et yo, García Fernandes de Berlanga, clérigo de la dioçesi de Siguença, canonjgo en la dicha iglesia de Orenes, publico porla abtoridad apostolica notario et notario [dado] e deputado porla abtoridad ordinaria **aas notas, registros, cartas, escripturas, jnstromentos, processos e abtos que passaron porlo dito Juan Ferrnandes de Nugueyra, [notario] porla abtoridad ordinaria, et aas outras escripturas que el ouuera de outros notarios, esta sobredita carta achey escripta e registrada do dito Johan Ferrnandes con a susodita subscripción escripta en papel, segundo que desuso se conten, entre suas notas et trasladey fielmente**, et de mjo signo e subscripción acostunbrados signe e subscriuj en [e]ste en testimonjo de verdad, que tales son, rrogado e rrequerido ([1441]; ACO 3943)

Consideramos máis significativo, no entanto, este comportamento en rogatarios que comezan a súa intitulación apuntando o seu carácter de “*escruianos*” do rei, fronte aos tabelións que se presentan como notarios de Ourense ou do mosteiro. Neste sentido, é interesante reparar, como antecedente destas suscripcións en castelán, na validación que utiliza o tabelión real Afonso Martís da Costa nun diploma de 1410<sup>[21]</sup>, onde aparecen castelanismos rechamantes ao pé dos primeiros testemuños na documentación de Santa Comba de formas como *testigos*

<sup>20</sup> Para a datación do traslado, téñase en conta que o notario Xoán Fernández de Nogueira, redactor do orixinal da carta, aínda estaba activo en 1459 (Duro 1973: 326), mais repárese que na autorización da copia non se fai referencia ao falecemento deste. Canto ao notario apostólico García Fernández de Berlanga, está documentado entre os anos 1446 e 1464 nos diplomas privados da catedral de Ourense (Duro 1973) e consérvanse no ACO libros de notas deste tabelión de 1444 a 1470 (Leirós 1950: 7).

<sup>21</sup> Suscribe outro documento para o mosteiro en 1426 (ACO 3825). Non consideramos aquí outro interesante texto, polos castelanismos que introduce en data temperá (*condiçiones, quissierdes ~ quisier, ssy* [conx.], testimonjo, vendet, verdat), que constitúe un traslado sen data realizado polo notario de Ourense Pedro González de Castro sobre un documento rexistrado por Rodrigo Fernández de Arnedo en 1410 (ACO 3465).

ou *presençia* máis arriba comentadas, que só terán certa presenza nos documentos do mosteiro moitos anos máis tarde:

Et eu, Afonso *Martíis* da Costa, **escriuano** de noso señor el rrey eno rregno de **Gallysja** et notario públjco da **çibdat** d'Ourense porlo obispo *e ygleia* dese lugar, a todo esto que dito he presente foy con os ditos **testigos e**, por rrogo dos ditos Gonçaluo Sanches *e Pero Vaasques*, esto en mjña **presençia** fys escriujr *e* aqui meu nome *e* signal fige, que he tal, en *testemoyo* de **verdat** (1410; ACO 3460).

Exemplos de notarios de nomeamento real que suscriben en castelán son Rodrigo Fernández de la Somoza,<sup>[22]</sup> nun documento que manda escribir cun galego practicamente sen interferencias, ou Xoán García,<sup>[23]</sup> que valida múltiples documentos do mosteiro entre 1471 e 1483.<sup>[24]</sup>

<sup>22</sup> Xa redactados nesta lingua están tres documentos do mosteiro de San Salvador de Sobrado de Trives que este tabelión autoriza en 1440 (Cabana 2006: 78).

<sup>23</sup> O mesmo comportamento, no referente á alternancia lingüística, obsérvase na colección diplomática de Celanova, onde suscribe documentos (non se teñen en conta os textos deste notario que se conservan en traslado) en 1470, 1478, 1481 e 1489 (Vaquero 2004: II, 268-270, 372-374, 479-484; III, 174-177). Entre os pergamiños privados do ACO consérvanse tamén bastantes exemplares autorizados por Xoán García, mais, tendo en conta o catálogo de Duro (1973), non sempre podemos saber a lingua que se emprega no documento, pois o Autor non sempre segue as orientacións que establece no inicio da obra para a indicación da lingua dos pergamiños. Con todo, o rexesto apunta nalgúns casos para unha redacción en galego, mais nun documento que mandou escribir en 1500 (DACO [1914-1922]: 464-468) úsase xa o castelán. Aínda verbo dos usos lingüísticos deste notario, convén sinalar que del conservamos un rexistro notarial en galego de 1484 (publicado en rexesto, coa transcripción completa de dez documentos, en López Carreira 1993), un fragmento doutro protocolo de 1490 tamén en galego, con algún documento en castelán (López Carreira 2007), e outros dous en castelán de 1483 e 1498 de que nos informa López Carreira (1998: 537).

<sup>24</sup> Requerido fundamentalmente durante o priorado de Lopo Gómez de Ribadal, suscribe os pergamiños ACO 4520, 4717, 4748, 4749, 4750, 4751, 4765, 4803, 4804, 4850, 4859, 4864, 4904, 4946, 4947, 4982. Aínda habería que engadir ACO 4747, traslado do século XVI dun documento rexistrado por Xoán García.

“Et yo, Rruy Ferrnandes de la Somoça, escriuano de *nuestro* señor el rrey et su notario publico en la su corte et en todos los ssus rreynos, et notario publico en la dicha çiudad de Orenes por el obispo *e* la iglesia dese lugar, al otorgamjento desta carta en vno *con* los dichos testigos presente fuy et por rruego *e* otorgamjento de las dichas partes la fis escriujr et por ende fffis aqui este mjo signo en testimonjo de verdad” (1454; ACO 4395).

Et yo, Juan Garçia, escriuano de camara del rrey *nuestro* señor *e* su notario publico em la su corte *e* en todos los sus rregnos *e* señorios, *e* notario publico de la çibdade *e* obispado de Orense por el señor obispo *e* yglesia dese lugar, *e* otrosy notario del dicho monesterio *e* de sus cotos por el dicho señor prior *e* convento, a todo lo que dicho es, em vno *con* los dichos *testigos*, fue presente *e* lo fise escriujr *e* por ende, a rruego, pedimjento *e* otorgamjento de las dichas partes, puse aqui mj *nombre e* signo acostunbrado en testimonjo de verdade, que tal es (1474; ACO 4748).

Este bilingüismo, este contraste entre subscrición en castelán (lembramos que é unha parte fundamental do diploma, aquela que lle confire autenticidade) e o resto do documento en galego, aínda que xa cun alto grao de interferencia do castelán, é realizado de xeito moi consciente polo notario, pois verificase tanto se redacta o instrumento el mesmo, como se llo encomenda a algún dos escribáns ao seu servizo. Ofrecemos a seguir dous exemplos do mesmo fragmento dun contrato foral, concretamente o texto da cláusula relativa ás condicións de traspaso do foro, redactado no primeiro caso por un escribán e no segundo polo propio Xoán García. Obsérvese como non se advirten diferenzas de relevo entre un e outro redactor en termos de castelanización do texto:

Et he posto que si quisierdes vender, deytar, donar, enajenar, traspasar ou aforar o sobredito ou algüa parte delo, que primeyramente frontedes con elo a nós *e* a nosos suçesores *e* noslo diades porlo justo preçio, queréndoo; *e* non ho querendo, que entón o posades fazer a persona llana *e* abonada semellable de vós, tal que nos page os ditos foros *e* cunpla as condiçoos desta carta *e* cada hña delas, pero que non seja caualeyro, dona nen escudeyro, iglleia nen mosteyro *njn* santuario *njn* persona poderosa algüa *njn* home de tras muro, *njn* faredes por elo manda *njn* anjversario, foro *njn* sobreforo a outra *njn*güa persona, iglleia *njn* mosteyro *njn* santuario algún, saluo ao dito noso mosteyro, avéndoo de fazer (1474; ACO 4803).

Et he posto que sy quisedes bender, deytar, donar ou aforar ou tras-pasar ou enajenar a dita vña, que primeyramente frontedes con ela a nós e a nosos sucesores e nosla diades porlo justo preçio; e non ha querendo, que entón o posades fazer a presona llana e abonada semellable de vós, tal que nos page o dito foro e cumpla as condicións desta carta e cada vna delas, pero que non seja caualleyro, dona nen donzela nen escudeyro nen ome de tras muro nen rreligiosa presona, nen faredes por elo manda nen anjversario nen foro nen sobreforo a outra njngúa presona, iglleia nen moesteyro nen santuario algund, saluo ao dito noso moesteyro, avéndoos de fazer (1474; ACO 4751).

### 2.3. Documentos en castelán e documentos híbridos.

De xeito semellante ao que vimos que acontecía en séculos anteriores, os documentos en romance centropeninsular do catrocentos débense a autores non galegos, mostrando agora en determinados notarios un alto grao de interferencia da lingua autóctona que nalgún caso nos leva a considerar o texto como híbrido. Non é o que acontece cos dous diplomas datados na primeira metade da centuria, non exentos dalgúns galeguismos que, no caso do instrumento máis recente, debemos atribuír ao copista ao tratarse dun documento incluído. Un deles é un documento de 1436 (AHN 1507/13; editado en Vázquez Núñez 1898-1901: 124-126) que, suscrito pero non redactado polo notario apostólico Juan López de Arévalo, racioneiro na igrexa de Ourense, recolle o “mandamiento e sentencia” ditado polo bispo de Ourense, D. Diego Rapado<sup>[25]</sup>, sobre a administración e funcionamento interno do mosteiro de Santa Comba. No segundo caso, trátase dunha carta do ano 1445, inserida nun documento do ano seguinte (ACO Escrituras I/10), que envía frei Filipe de Astorga, superior da orde franciscana na provincia de Santiago (“mjnjstro e sieruo de los frayres menores en la proujnçia de Santiago”), aos frades franciscanos de Ourense.

<sup>25</sup> Estaba emparentado co xa citado García Fernández de Berlanga, segundo un Libro de Aniversarios da catedral de Ourense, confeccionado en 1452, que para o día 1 de abril ten anotado: “Garcie Fernandez de Berlanga, canon. et familiaris D. Didaci Rapado, episc. auriens.” (Leirós 1941: 25).

Unha situación ben diferente é a que encontramos en textos elaborados por notarios non galegos que manifestan unha vontade de adaptarse aos usos lingüístico-diplomáticos do reino. O resultado son uns documentos que presentan unha importante compoñente de galego, a tal punto que para determinados documentos é difícil definir o seu estatuto escriptolingüístico. Por isto, atribuímos a etiqueta de *híbrido* a unha permuta de 1469 redactada polo tabelión real Pedro de Jaén, do que extraemos a seguinte cláusula renunciativa:

*E rrenunçiamos e partimos de nos e de todas nuestras boses e de cada vnos de nos las leyes e dereitos canonicos, çeviles, escriptos e non escriptos, e foros, ferias, vsos e costumes, rrasones e eçebçiones, dereitos e defenones, que nós o cada vnos de nós ou as ditas nuestras (nuestras) boses ou otro alguno en nuestros nomes poderiamos aver, deser e rrasonar e alegar en contrario do que sobredito [he] o de qualquer parte dello. Et generalmente rrenunçiamos et partimos de nos a ley et dereyto da general rrenunçiaçion, que dis que si non for rrenunçiada en espeçial, que non valla (ACO 4667).*

Unha situación análoga á anterior verificase para o notario monástico Pedro de Salamanca, primeiro monxe de Naves que emprega o castelán nos oito documentos que suscribe entre 1491 e 1494, aínda que adoptando moitas formas e fórmulas galegas, polo que se sitúan moi preto do carácter híbrido que atribuímos ao documento anterior.<sup>[26]</sup> Achegamos a seguir varios treitos extraídos de documentos de frei Pedro que poden dar idea do peso de cada unha das linguas nos documentos, aínda que este varía de documento a documento e segundo os fragmentos ou cláusulas que teñamos en conta:

Sabean quantos esta carta de aforamento vieren como nos, don Ares de Santa Maria, porla graçia de Deus e da Santa Igleia d[e] Roma prior do monasterio de Santa Conba de Naves, e convento do dito *monasterio*, sendo *ajuntados* en nostro cabildo por *tanjmjento* de canpana, *segun* que avemos de uso e de *costumbre* en *nostra* orden, aforamos a vos, el dicho Rruy de

<sup>26</sup> Como mostra da dificultade que implica definir a lingua destes documentos, en Lorenzo (2004:111) inclúense entre os que están redactados en galego con castelanismos.

Quintela, morador en Quintela, que presente estava, *con* condición qu'el conpliese *e* guardase las condiciones del foro qu'el dicho Ferna[n]do de Mjnforte era obligado del foro que tenja del dicho *monasterio*, por lo cual fíco *dimytation* el dicho Fernando de Mjnforte do bacelo do Cancelo *con* su *monte*, *segun* que esta demarcado en este dicho *monasterio* de Santa Conba, *con* *avtoridat e consentimjento* de su muger, *con* *condicion* que nos, prior *e* convento, quisiesemos rrescebir por forero al dicho Rruy de Quintela (1491; ACO 5242).

Sean *quantos* esta carta de aforamento *vieren* como nos, don fray Arres de Santa Maria, por la *graçia* de Deus *e* da Santa Igleia de Rroma prior do *monasterio* de Santa Conba de Naves, *e* convento dese mesmo lugar, seendo juntados en noso cabildo per son de campana *tangida*, *segun* que o avemos de uso *e* de costume de nosa horden, otorgamos *e* conoscemos que aforamos a vós, Pero Pereyro, vecino que sodes en Lamela, o *nostro* lugar da Carera que he [en] *termjno* de Mende, *coto e* *senorio* do *monasterio* de Santa [Con]ba, *e* a seys *vozes* despues de vos, fillos o fillas cuales vos nomeardes ao tenpo de *vostra* morte, *convien* a saber, que vos nomeedes a primera *voz e* la primera a *segunda e* *ansi vayan* nomeadas as ditas seys *vozes vna* pos otra *suçesyue* *fasta* *seren conplidas e* *acabadas* as ditas seys *voçes; e non* *seyendo* nomeadas, que entonçe seja *voz* aquella que de *dereyto* over de heredar os *vostrós* *benes* (1493; ACO 5302).

Et es puesta *condicion* que sy uos o *vostras* *voçes* quisyerdes vender, deytar, donar, enajenar o *traspasar* as ditas *vynas e* *casa*, que *primeramente* *frontedes con* ella a nos *e* a *nostros* *suscesores e* que noslo dedes por el justo *preçio*, *queriendolas* nos; *e* las *non* *querriendo*, que las *posades* vender a *persona* *lana e* *abonada* *semejable* de vos, tal que nos pague lo dito foro *e* *cumpla* las *condiciones* desta carta *e* cada *vna* *dellas*, pero que *non* *seja* *caallero*, *dona nyn* *donçella nyn* *escudero nyn* *rreligiosa* *persona* (1492; ACO 5263).

*E* e *posto* que sy lo quisyerdes vender o deytar o donar o *aforar* o *supinorar* o por el alma dar, que nos *rrequirays* ante a nos *e* ao dito *monasterio* por el justo *precio* que a otro; *e non* lo *queriendo* nos por el justo *precio*, que entonçes lo *vendades* o *deytedes* o *afores* a tal *persona* que *seja* *semejable* de vos, que nos pague *nostros* *foros* en paz, pero que *non* *seja* *cavallero nen* *dona nen* *donçella nen* *escudero nen* *ome* de tras muro *nen* *rreligiosa* *persona nen* *ome* *poderoso* (1492; AHPO 17/6).



*E es puesto e otorgado entre nos, las ditas partes, que qualquier de nos, las ditas partes, [que] contra lo susodicho quisier yr e lo non cumplier o gardar, que peyte ha dita parte por nonble de pena dyes mjll maravedys vellos de boa moneda e a vos del rrey otros tantos; e a dita pena pagada e por esta nostra carta e las cosas en ella contenjdas queden firmes e valederas durante lo dito tempo. E que esta carta non valga sy non fuere firmada de my, o dyto prior (1491; ACO 5242)*

Et [he] posto e otorgado que cualquier de nos que contra esto for o pasar o ansy non complyer o guardar, que peyte de pena e postura, jnterese a parte guardante mjll maravedis vellos de pena e a voz del rrey otros tantos; e a dita pena pagada o non, esta carta e todas las cosas en ella conteudas finquen firmes e valan en seu tempo e tenor. E que esta carta non valla saluo sy for firmada de my, o dito prior (1493; ACO 5302).

### 3. Conclusiones.

Na colección diplomática do mosteiro de Santa Comba de Naves, a presenza do castelán antes do século XV, se excluimos os documentos procedentes da corte, saen da man de cargos de nomeamento real como o meiriño ou adiantado maior. Xa na última centuria medieval os documentos poñen de manifesto unha crecente influencia castelá: por unha parte, en forma de castelanismos que aumentan progresivamente segundo avanza o século; por outra, co emprego do castelán na fe notarial dos diplomas por parte de rogatarios non galegos e de nomeamento real. Á procedencia foránea dos redactores tamén hai que atribuír a elaboración de textos cun alto grao de interferencia castelá que, en certos casos, conduce a unha indefinición lingüística do documento, á súa consideración como híbrido.

Escapa aos obxectivos desta comunicación a consideración da documentación posmedieval, mais non pode deixar de referirse que á entrada do século XVI, coincidindo coa anexión do priorado á abadía de Celanova provocada pola reforma beneditina, se consuma o proceso de substitución lingüística. Do total de vinte e seis pergamiños conservados desa centuria, unicamente en tres casos dos anos 1502, 1512 e 1513 (ACO 5453, 5663, 5697) podemos falar de documentos en galego, cun elevado grao de interferencia castelá, unha interferencia que fai

que outros textos datados no comezo do século xa os consideremos híbridos (ACO 5566, 5652, 5691). Con todo, a lingua do reino de Galiza tamén deixa a súa pegada nos textos casteláns, onde a miúdo perviven fórm(ul)as galegas, sobre todo cando se trata de identificar e delimitar propiedades: é aí que a realidade da lingua falada se fai aínda presente na redacción dos instrumentos.

## Referencias arquivísticas

- Arquivo da Catedral de Ourense, Fondo monacal, Santa Comba de Naves, nº 666, 1746, 3460, 3465, 3825, 3934, 4395, 4520, 4667, 4717, 4747, 4748, 4749, 4750, 4751, 4765, 4803, 4804, 4850, 4859, 4864, 4904, 4946, 4947, 4982, 5242, 5263, 5302, 5453, 5566, 5652, 5663, 5691, 5697 (= ACO 666, 1746, 3460, 3465, etc.).
- Arquivo da Catedral de Ourense, Fondo catedralicio, Escrituras I, nº 10 (= ACO Escrituras I/10).
- Arquivo da Catedral de Ourense, Fondo catedralicio, Escrituras VII, nº 71, 72-74 (= ACO Escrituras VII/71, 72-74).
- Archivo Histórico Nacional, Sección Clero, Ourense, Santa Comba de Naves, carpeta 1506, nº 10, 11, 13, 17, 18 (=AHN1506/11, 17, 18).
- Archivo Histórico Nacional, Sección Clero, Ourense, Santa Comba de Naves, carpeta 1507, nº 1, 4, 7, 8, 9, 13 (=AHN1507/13).
- Archivo Histórico Nacional, Sección Sixilografía, caixa 4, nº 10 (=AHN 4/10).
- Archivo Histórico Nacional, Sección Sixilografía, caixa 15, nº 9 (=AHN 15/9).
- Archivo Histórico Nacional, Sección Sixilografía, caixa 18, nº 4 (=AHN 18/4).
- Arquivo Histórico Provincial de Ourense, Sección Clero, Pergamiños, Santa Comba de Naves, carpeta 17, nº 6 (=AHPO 17/6).

## Referencias

CABANA OUTEIRO, Alexandra (2006), “A lingua que veu de fóra. A creba do galego no 1500”, *Murguía* 9, pp. 69-83.

DACO = *DOCUMENTOS DEL ARCHIVO CATEDRAL DE ORENSE*, vol. I ([1914-1922]), Ourense.

DIÉGUEZ GONZÁLEZ, Júlío (2004), “‘Línguas em contacto’ na Galiza Baixo-medieval”, *Revista Galega de Filoloxía* 5, pp. 33-51.

DURO PEÑA, Emilio (1968), “El monasterio de Santa Comba de Naves”, *Anuario de Estudios Medievales* 5, pp. 137-179.

- DURO PEÑA, Emilio (1973), *Catálogo de los documentos privados en pergamino del Archivo de la Catedral de Orense (888-1554)*, Ourense, Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”.
- GUTIÉRREZ PICHEL, Ricardo & Alexandra CABANA OUTEIRO (2007), “Parámetros para o estudo da introdución do romance na documentación notarial galega”, in Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.), *Na nosa lingoage galega: a emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega-Instituto da Lingua Galega, pp. 129-157.
- LEIRÓS, Eladio (1941), “El Libro de Aniversarios de la Catedral de Orense”, *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense XIII*, pp. 11-35.
- LEIRÓS, Eladio (1950), *Guía del Archivo de la Catedral de Orense*, Madrid, Publicaciones de la Dirección General de Archivos y Bibliotecas.
- LÓPEZ CARREIRA, Anselmo (1993), *De Ourense medieval. Rexistro de Xoán García, notario do Concello de Ourense, do ano 1484* (Anexo 17 do *Boletín Avriense*), Ourense, Museo Arqueolóxico Provincial.
- LÓPEZ CARREIRA, Anselmo (1998), *A cidade de Ourense no século XV. Sociedade urbana na Galicia baixomedieval*, Deputación Provincial de Ourense.
- LÓPEZ CARREIRA, Anselmo (2007), *Libro de protocolos de Xoán García, notario de Ourense (ano 1490)*, Madrid, CSIC – Instituto de Estudios Gallegos “Padre Sarmiento”.
- LORENZO, Ramón (2004), “Emerxencia e decadencia do galego escrito (séculos XIII-XVI)”, in Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei & Antón Santamarina (eds.), *A lingua galega: historia e actualidade. Actas do I Congreso Internacional (16-20 de setembro de 1996, Santiago de Compostela)*, vol. III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega-Instituto da Lingua Galega, pp. 27-153.
- MAIA, Clarinda de Azevedo (1997), *História do galego-português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (Com referência à situação do galego moderno)*, [s. l.], Fundação Calouste Gulbenkian – Junta Nacional de Investigação Científica e Tecnológica [Reimpresión da edición do INIC, 1986].
- MARIÑO PAZ, Ramón (1995), “Consideracións sobre a historia dos sufixos *-ancia / -anza, -encia / -enza, -icia / -iza, -icio / -izo* e das terminacións *-cia / -za* e *-cio / -zo* do galego”, *Verba* 22, pp. 157-189.
- MARIÑO PAZ, Ramón (1998), *Historia da lingua galega*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.

- MONTEAGUDO, Henrique (1985), "Aspectos sociolingüísticos do uso do galego, castelán e latín na Idade Media en Galicia", *Revista de Administración Galega* 1, pp. 85-108.
- MONTEAGUDO, Henrique (1994), "Aspectos sociolingüísticos do uso escrito do galego, o castelán e o latín na Galicia tardomedieval" (ss. XIII-XV), in Elvira Fidalgo & Pilar Lorenzo Gradín (coords.), *Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia - Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias "Ramón Piñeiro", pp. 169-175.
- MONTEAGUDO, Henrique (1999), *Historia social da lingua galega*, Galaxia, Vigo.
- SOUTO CABO, José António (2008a), *Documentos galego-portugueses dos séculos XII e XIII* (Monografía 5 da *Revista Galega de Filoloxía*), A Coruña, Área de Filoloxías Galega e Portuguesa do Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña.
- SOUTO CABO, José António (2008b), "Do latín ao galego(-portugués): tempos, modos e espazos para unha mudanza escritural na documentazón notarial galega do séc. XIII", in Javier Elvira, Inés Fernández-Ordóñez, Javier García González & Ana Serradilla Castaño (eds.), *Lenguas, reinos y dialectos en la Edad Media ibérica. La construcción de la identidad. Homenaje a Juan Ramón Lodares*, Madrid, Iberoamericana, pp. 167-190.
- VAQUERO DÍAZ, M<sup>a</sup> Beatriz (2004), *Colección diplomática do mosteiro de San Salvador de Celanova* (Ss. XIII-XV), 4 tomos, [Santiago de Compostela], Tórculo.
- VÁZQUEZ NÚÑEZ, Arturo (1898-1901), "Documentos históricos", *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense* I, pp. 124-126.